



## TEMOS RAZÓN ÚNICAMENTE CANDO DECIMOS A VERDADE

Compañeiros e compañeiros,

Aínda que moitos e moitas estiveses na asemblea xeral, non foi das mais numerosas e **hai mentiras que se están a difundir** por parte dalgúna organización que non podemos permitir que ninguén asuma por boas por descoñecemento da realidade.

Comentan dende a CGT na última folla (nº 152) que as CCOO “boicotearon a concentración de delegados en Madrid” e que “boicotearon tamén a asemblea xeral que o comité de empresa quería convocar en vésperas das vacacións”.

A pesar de que constantemente utilizan o termo “boicotear” para propoñer medidas, está claro que descoñecen o significado. **As CCOO non boicoteamos nada.** Decidimos non acudir á concentración por estéril e oportunista (que non oportuna) e decidimos non acudir a asemblea xeral porque a convocaron 4 organizacións sindicais ao marxe do comité de empresa. De ningunha das formas impedimos ou bloqueamos calquera medida. Respectamos as opinións ou estratexias do resto de organizacións da mesma forma que eles deberían de respectar as nosas.

Se a CGT interpreta que boicoteamos eses actos por non asistir, tal vez debería de explicar porque non asistiron durante moitísimos meses ás xuntanzas que este comité de empresa forzaba coa Xunta de Galicia, a Deputación Provincial, Delegación do Goberno ou mesmo con varios concellos, na procura de apoios as nosas reivindicacións. Esas medidas si estaban aprobadas polo comité de empresa. A pesar de iso, as CCOO respectamos a decisión desta organización.

A asemblea xeral na véspera das vacacións propúxo a CCOO. Explicámoslles ó resto de organizacións sindicais que antes de acudir a unha asemblea xeral, queríamos manter unha xuntanza coa nosa afiliación. Con anterioridade, MAS, a propia CGT ou fai uns días a CIG, solicitaron modificar datas para poder realizar asembleas coa súa afiliación, e falta a primeira vez que as CCOO puxeramos algún problema e non facilitamos o necesario debate de calquera organización coa súa afiliación. Ademais a sección sindical de CCOO convocouse as 8:00 da mañá a véspera de vacacións para que houbera marxe de tempo ante unha posible asemblea xeral. Que a houbera antes de vacacións, non so era o recomendable ante a situación, se non que era o desexable para as CCOO. **A CGT negouse literalmente “en rotundo” a que se celebrase unha asemblea xeral** a véspera de vacacións trala sección sindical de CCOO. Quizais por iso as CCOO non acudimos a dita asemblea, en todo caso non volveremos a deixar que ningunha organización sindical difame libremente ante toda o persoal sen contestación das CCOO e acudiremos a este tipo de asembleas aínda que non se convoquen de acordo co regulamento.

Unha magoa que un escrito que comeza de forma brillante acabe torcéndose polo **desexo desmesurado de atacar ás CCOO**. Si no primeiro parágrafo coinciden plenamente coa nosa organización entendendo que “cun goberno en funcións pode haber marxe para avanzar en aspectos secundarios”, porqué a principal conclusión acaba sendo que a culpa de todo é de CCOO xa que está boicoteando todo?

Acabamos este escrito parafraseando a Javier Galán, ex-presidente do comité de empresa. Nun pleno propuxo ó resto de organizacións que si pensaban que o farían mellor que as CCOO, que desen un paso adiante e colleran a presidencia do comité de empresa, non sabemos aínda hoxe como foron capaces tantos delegados do resto de organizacións de agocharse detrás da única columna que hai no salón de plenos.

Pediríámoslle ás organizacións que queiran facerlle algunha crítica ás CCOO que a poder ser a fagan cando estamos diante para poder defendernos. Calaron a boca na asemblea e preferiron o confort dun escrito.

Sen mais asuntos,

Recíbide unha cordial aperta

Ferrol, 21 de setembro de 2023